



FUNDACIÓN
San Rosendo

**SOLUCIONES TECNOLÓGICAS PARA
FOMENTAR A MOTIVACIÓN E
PARTICIPACIÓN EN TERAPIAS DE
REHABILITACIÓN**

INNOVATECH**FP25**

20 | 20

Empresas

Retos



XUNTA
DE GALICIA



FORMACIÓN
PROFESIONAL

INTRODUCCIÓN

A Fundación San Rosendo propón un reto co obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas que están en proceso de rehabilitación. Para estas persoas, seguir unha rutina de exercicios terapéuticos é fundamental para avanzar na súa recuperación. Non obstante, a falta de motivación pode converter esta tarefa nun gran desafío.

DESCRIBIÓN DO RETO

O desafío consiste en crear un dispositivo ou aplicación que axude a incentivar aos pacientes a realizar os exercicios prescritos nas súas terapias de rehabilitación. A solución debe estar especialmente dirixida aos exercicios activo-asistidos, facendo que a experiencia sexa máis atractiva e motivadora. Ademais, deberá adaptarse ás necesidades específicas de cada paciente para fomentar a súa participación activa.

OBXECTIVO DO RETO

O principal obxectivo é desenvolver un sistema que mellore a adherencia dos pacientes ás súas terapias, aumentando a motivación e o compromiso. O sistema debería facilitar o seguimento dos exercicios e ofrecer un feedback claro e positivo, convertendo a rehabilitación nunha experiencia máis agradable e efectiva.

PÚBLICO OBXECTIVO

A solución está dirixida a pacientes que se atopan en proceso de rehabilitación e que, por mor de lesións ou condicións de saúde, precisan apoio para manter ou recuperar a súa capacidade

Solucións tecnolóxicas para fomentar a motivación e participación en terapias de rehabilitación funcional. Este grupo inclúe persoas de distintas idades e condicións físicas que seguen programas de exercicios activo-asistidos.

Ideas para o deseño da solución

Aquí tes algunhas ideas que poderían servir de inspiración para deseñar unha solución innovadora:

- **Gamificación:** Engadir elementos de xogo como recompensas, puntos ou retos para facer os exercicios máis divertidos.
- **Feedback en tempo real:** Monitorizar os movementos dos pacientes para asegurar que os realizan correctamente e ofrecer correccións ao momento.
- **Personalización:** Adaptar o nivel de dificultade e o tipo de exercicios ás características individuais de cada paciente.
- **Soporte social:** Crear unha comunidade virtual onde os pacientes poidan compartir os seus logros e recibir apoio de outros usuarios.

Requisitos técnicos

Para garantir que a solución sexa accesible e efectiva, deberá cumprir cos seguintes requisitos:

- Ser compatible con dispositivos móbiles (iOS, Android) ou dispositivos portátiles.
- Dispoñer dunha interface intuitiva e sinxela, accesible para persoas con diferentes capacidades.
- Incluir funcións que permitan monitorizar o progreso do paciente e ofrecer feedback continuo.